

MESA 1

Desenvolvemento económico e emprego

PROGRAMA 1. Apoio ao emprendemento, a innovación e á consolidación do tecido empresarial lucense.

- Reforzar o papel do Centro de Empresas e Innovación (CEI) como o referente central no apoio técnico ao emprendedor. Asesoramento na creación de novas empresas.
- Ubicación dunha plataforma loxística de carácter intermodal.
- Creación dunha gardería no polígono industrial (Ceao, As Gándaras)
- Colaboración institucional para ampliar o funcionamento da plataforma loxística de transporte.
- Colaboración institucional para o desenvolvemento do novo polígono industrial das Gándaras para converter este nun centro de innovación no que colaboren as Administracións, a Universidade e as Empresas

PROGRAMA 2. Fomento do emprego de calidade.

- Desenvolvemento dun programa formativo baseado na realidade do mercado laboral lucense.
- Integración nos pregos de condicións dos concursos públicos municipais criterios para cumprir diferentes fins e políticas sociais: creación de emprego, estabilidade laboral e que as empresas non teñan “descolgues salariais”.
- Reforzamento das liñas de axuda para o autoemprego e o emprego estable, con especial incidencia entre a mocidade e as mulleres.
- Integración nos pregos de condicións dos concursos públicos municipais de criterios para cumprir diferentes fins e políticas sociais: creación de emprego, estabilidade laboral, etc.
- Reforzamento das liñas de axuda para o autoemprego e o emprego estable, con especial incidencia entre a mocidade e as mulleres.
- Reparto intelixente do solo empresarial promovendo os investimentos éticos e responsables que primen a xeración de emprego de calidade.
- Reutilización das dotacións do hospital vello para outros usos sociosanitarios.
- Reutilización das dotacións do Hospital de San Xosé para outros usos públicos.
- Divulgación e promoción da necesidade de implantar unha Banca Pública como alternativa para financiar proxectos relacionados coa nosa economía produtiva e social
- Apostar polos baixos comerciais, en centros comerciais abertos, xa que esto vai en beneficio do comercio local.

PROGRAMA 3. Programa integral de desenvolvemento do medio rural no concello de Lugo.

- Reforzo progresivo dentro do CEI dun equipo técnico de apoio á promoción integral do medio rural do concello, que artelle e dinamice actividades diversificadoras da actividade agraria local
- Recollida e análise, en colaboración con distintas institucións e organizacións, de datos relativos ao conxunto da actividade agraria no concello.
- En colaboración coas restantes administracións, elaboración dun programa de dotacións, infraestruturas e servizos ao medio rural.
- Realización de convenios de colaboración entre o Concello de Lugo, a Consellería responsábel do Medio Rural, e o Instituto de Biodiversidade Agraria e Forestal (Universidade de Santiago) para a mellora do medio rural do concello
- Definición de Lugo como un polo de acollemento de empresas asociadas á actividade agraria e forestal.

- Posta en práctica dende o CEI da comercialización e divulgación da actividade agraria local:
 - Plan de usos de edificacións de explotacións sen actividade. Aproveitamento das infraestruturas.
 - Realización de xornadas técnicas, espazos de encontro e intercambio de experiencias e coñecementos baseadas na actividade agraria sostible dentro dun desenvolvemento rural integrado. Consolidación dunha marca de calidade que permita recoñecer e apreciar a produción agropecuaria local.
 - Promoción do asociacionismo que incida na transformación e comercialización da produción. Rede de produtores locais de diferentes sectores para canalizar a capacidade produtiva local a través de fórmulas de colaboración estables.
 - Potenciación de iniciativas (industrias,...) que supoñan a transformación da produción local.
 - Valorización da produción propia fronte a macroproducións.
 - Converter Lugo nun mercado de referencia dos produtos agroalimentarios na provincia.
- Promoción do mercado de abastos. Implementación de medidas que faciliten e garantan a comercialización dos produtos producidos no concello (ou doutras explotacións de fóra do concello mediante acordos ou convenios de colaboración).
- Integración do concello de Lugo no GDR4 *Asociación Terras de Lugo*.
- Implementar liñas de apoio e colaboración coas comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) do concello.
- Configuración dun novo mercado de abastos que facilite e garanta a comercialización dos

produtos producidos no concello (ou doutras explotacións de fóra do concello mediante acordos ou convenios de colaboración). Realización dun rexistro de produtores. Regulación. Potenciar o servizo a domicilio, venda por internet, flexibilización de horarios, a actividade social vinculada ao mercado, etc.

PROGRAMA 4. Fomento do turismo sostible.

- Potenciación do turismo arqueolóxico na cidade, avanzando na conservación dos restos "in situ".
- Configuración de Lugo como un interface turístico da provincia. Punto de información interligado aos diferentes referentes turísticos da provincia (Ribeira Sacra, A Mariña, Os Ancares).
- Acordos de colaboración con Montes Veciñais e/ou Asociacións de Veciños para a recuperación (identificacións, catalogación, ...) de camiños/sendeiros e a consolidación da *Rede de Sendas Verdes* no concello, atendendo particularmente a aquelas que faciliten o acceso a lugares de interese natural, patrimonial, etc.
- Elaboración dun Plan de Musealización e Xestión dos bens arqueolóxicos da cidade e o seu entorno.
- Creación do Museo da Romanización como equipamento diferenciador e articulador das visitas turísticas da cidade.
- Creación dunha base de BTT (bicicletas todo terreo) dentro do concello.
- Promoción do uso dos baixos comerciais do casco histórico para xenerar actividade e atraer poboación e turismo.
- Profesionalización da xestión do turismo no concello mediante a creación dunha empresa municipal.

MESA 2

Ordenación sostible do territorio

PROGRAMA 5. Programa de mellora da calidade e da estética urbana.

- Plan de soterramento e de mellora estética dos colectores de lixo nas novas unidades de actuación urbanísticas.
- Promoción da rehabilitación respectuosa das edificacións favorecendo o uso de enerxías renovables. Nas vivendas de nova construción divulgar o emprego de instalacións de enerxía renovable.
- Dotación dunha porcentaxe relevante de aparcamentos baixo terra ou en edificación habilitadas en relación aos de superficie.
- Reconfiguración das rúas da cidade para facelas con paseos máis amplos, gañando espazo para as persoas. Non utilización de medianas e substitución destas por beirarrúas máis amplas.
- Desenvolvemento progresivo de actuacións de rexeneración urbana de espazos públicos degradados.

PROGRAMA 6. Posta en valor dos elementos patrimoniais do conxunto do concello.

- Creación do Consorcio de Patrimonio como organismo responsable da xestión sobre o patrimonio no concello. Participación das administracións, de entidades públicas e privadas, de expertos en interpretación do patrimonio e o empresariado local.
- Constitución en Lugo do Centro de interpretación do mundo romano en Galicia.
- Realización de convenios de colaboración con Institucións que teñan como obxectivo a investigación (Universidades, etc) do patrimonio (catalogación, rehabilitación, etc).
- Divulgación do *Proxecto terra* nos centros de ensino. Programa do Colexio de Arquitectos de Galicia que axuda a interpretar e valorar o patrimonio construído.
- Difusión das obras de artistas noveles nas zonas emblemáticas da cidade.
- Programa de divulgación e concienciación destinados ao ámbito rural para realizar iniciativas encamiñadas a poñer en valor o patrimonio artístico-cultural e natural de cada parroquia.
- Creación da Casa do Río como elemento valorizador e dinamizador das potencialidades do río. Creación dun museo-centro de interpretación do río Miño (dende o punto de vista natural, cultural, social e económico: relación de Lugo co río, embarcacións, artes de pesca, caneiros, flora, fauna, etc...).
- Posta en valor, en colaboración coas administracións, entidades e particulares, do patrimonio existente no concello (urbano e rural)
- Actualización do PEPRIM.
- Recuperación e posta en valor do Camiño Primitivo. Colaboración institucional para a súa delimitación oficial, análise de impactos, etc.

PROGRAMA 7. Configuración dunha mobilidade sostible para o ámbito urbano e rural.

- Posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano da Xunta de Galiza.
- Creación de corredores cívicos, corredores ecolóxicos que superen o concepto de “illas verdes” desconectadas. Creación de “túneles en superficie” (estrutura de edificación) ao longo da estrada N-VI que conecte a cidade co Miño. Estudo da extensión a outras zonas (estación de ferrocarril,...).
- Remate e mellora das rondas externas para evitar o recorrido de tráfico de tránsito na cidade.
- Construción de aparcamentos perimetrais que absorban o tráfico rodado do centro da cidade.
- Aumento progresivo das zonas peonís fóra do recinto histórico da cidade.
- Creación da estación intermodal
- Aposta decidida polo transporte público. Adaptación progresiva deste ás necesidades dos cidadáns da zona urbana e rural do concello (HULA, Universidade, polígonos industriais, mercado e praza de abastos,...). Establecer como preferente nos deseños urbanísticos o correcto desprazamento do transporte público polas vías urbanas.
- Campañas de fomento da utilización da bicicleta nos desprazamentos habituais e de respecto ao uso destes vehículos. Implantación progresiva de novos puntos de préstamo de bicicletas, de aparcadorios de bicos e de creación de carrís-bici en puntos estratéxicos da cidade.
- Peonalización progresiva da totalidade do casco histórico e cumprimento estrito do mesmo nas áreas delimitadas.
- Creación de itinerarios seguros parao desprazamento dos escolares.
- Colaboración institucional para mellorar o transporte de persoas e meradorias mediante o ferrocarril.

PROGRAMA 8. Revitalización do Casco Histórico da cidade.

- Posta en marcha de proxectos de emprendedores no Casco Vello.
- Recuperación e rehabilitación de edificios públicos emblemáticos.
- Promoción de uso dos aparcamentos baixo superficie existentes en detrimento dos aparcamentos en altura no Casco Histórico.
- Regulación dos usos dos baixos do Casco Vello, evitando usos monofuncionais.
- Soterramento progresivo do cableado no recinto histórico.
- Campañas de sensibilización e colaboración institucional que incidan na mellora estética dos edificios.
- Instalación dun comercio especializado no Casco Vello. Apoio á distribución e comercialización a través de tendas especializadas da produción agropecuaria local.

MESA 3

Medio ambiente

PROGRAMA 9. Xestión integral, sostible e racional dos residuos.

- O concello debe dar exemplo elaborando un programa de redución de residuos, tanto dos xenerados nas dependencias municipais como os orixinados en actos festivos e/ou públicos. Este programa debe incluír o uso de produtos reciclados e reciclables, reutilizables e con menores envases e menor impacto ambiental. Asimesmo débese continuar coa reutilización de produtos e obxectos obsoletos das instalacións públicas cedendo o seu uso aos colectivos sociais que o soliciten (mobiliario, material informático, etc.)
- Demanda de colaboración institucional para a construción dunha Planta de Residuos Sólidos Urbanos para a compostaxe de acordo co novo Plan de Residuos Sólidos de Galicia.
- Programa de distribución de composteiros e elaboración dun plan de formación e seguimento para promover a autocompostaxe en todas as parroquias lucenses.
- Promoción do punto limpo.

PROGRAMA 10. Sensibilización e Educación Ambiental cara á Sostibilidade.

- Creación dun equipamento de educación ambiental centrado no ámbito da enerxía.
- Creación dun equipamento de educación ambiental centrado no ámbito do ciclo da auga.
- Creación de programas de interacción entre os máis novos e os máis maiores, por exemplo creación de hortas urbanas autoxestionadas entre nenos e persoas maiores. Busca de espazos sen uso dentro da cidade, por exemplo dentro dos parques urbanos.
- Creación dun conxunto de programas continuados de Formación, Información, Educación e Sensibilización Ambiental, orientados a capacitar aos diferentes sectores sociais e á cidadanía en xeral para iniciar o camiño cara á sostibilidade do concello de Lugo (uso sostible da auga, aforro enerxético, xestión do lixo, vertedoiros incontrolados, consumo de produtos locais...). Estes programas deberán incidir nas diferentes facetas da vida cotiá das persoas e dos diferentes sectores sociais, no camiño de realizar os cambios precisos para a conservación e mellora do medio ambiente. Especial atención merece a AXENDA 21 ESCOLAR.
- Incorporación do concello de Lugo ao Proxecto Ríos.

PROGRAMA 11. Xestión integral dos recursos.

- Estudo e posta en valor das fontes e mananciais do concello. Elaboración dun inventario e recollida de información cultural sobre cada fonte, elaborando unha guía da auga do concello de Lugo.
- Plantación de céspede/flora autóctona con baixo consumo en auga, en lugar de plantación de especies foráneas nos xardíns e zonas verdes do municipio.
- Implementación de sistemas de rego eficientes nos xardíns e zonas verdes municipais. Utilización de rego por goteo, recollida e almacenamento de auga da chuvia para o rego, etc.
- Avanzar, atendendo ás distintas responsabilidades de cada administración, na Xestión dos Recursos Hídricos de Lugo, integrando o saneamento integral do Río Miño coa recuperación dos seus usos tradicionais, así como a actualización consensuada e promoción das actuacións contempladas no Plan especial de protección do río Miño (PEPRIM).
- Mellora das canalizacións evitando fugas na rede de distribución.
- Implantación progresiva de tecnoloxías alternativas para a depuración de augas nas parroquias rurais, fomentando os sistemas descentralizados (filtros verdes) e mais achegados ó lugar onde se producen os residuos.
- Plan de Aforro Enerxético Municipal. Avaliación do consumo nas dependencias municipais e no alumado público no camiño de optimizar este mediante a implantación progresiva de medidas de eficiencia e aforro enerxético.

PROGRAMA 12. Mellora da calidade ambiental do Concello de Lugo. Redución da contaminación atmosférica e acústica.

- Fomento da utilización progresiva no servizo de autobuses urbanos de vehículos e combustibles máis eficientes e ecolóxicos.
- Fomento do uso do tren.
- Creación de puntos de préstamo e aparcadoiros de bicicletas para fomentar a mobilidade sostible na zona urbana.
- Campaña de sensibilización para o fomento do respecto das persoas que utilicen a bicicleta como medio de transporte por parte dos condutores de vehículos con motor.
- Fomento do carril-bici. Creación dunha rede de carris-bici pola cidade como alternativa real á mobilidade urbana.

PROGRAMA 13. Mellora na conservación do patrimonio natural e dos espazos verdes de Lugo.

- Posta en valor dos viais peonís e creación de corredores cívicos (río Miño,...). Creación dunha rede de sendeiros e posta en valor do medio natural. Elaboración dunha Guía dos espazos naturais, onde se identifiquen as rutas existentes.
- Campaña para o fomento de usos alternativos nas zonas verdes: comidas campestres, actividades de relaxación, exercicio ó aire libre, Tai-Chi, etc.
- Catalogación e estudo dos microespazos naturais e das árbores senlleiras do concello. Proposta de inclusión na rede espazos naturais protexidos en réxime de protección local.
- Fomento do Turismo Verde de Calidade vinculado aos espazos protexidos do Concello e o seu entorno, así como á riqueza paisaxística da zona.
- Posta en valor do Camiño Primitivo de Santiago, a través da realización de roteiros interpretativos, creación dun centro de visitantes, mellora da sinalización, etc.
- Recuperación dos antigos Camiños Reais das parroquias rurais, coa finalidade de integralas na Rede de Sendeiros e fomentar o turismo en colaboración coas Casas de Turismo Rural do entorno.
- Promoción da ordenación dos montes veciñais en man común do Concello de Lugo a través de convenios de colaboración coa Consellería de Medio Rural e o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER). Diversificación dos usos do monte como oportunidade produtiva e de prevención de incendios, aproveitamento do monte como espazo de lecer, busca de novos produtos do monte: cogomelos, castañas, etc.

MESA 4

Servizos sociais comunitarios

PROGRAMA 14: Servizos sociais comunitarios.

- Elaboración urxente dun Mapa de necesidades sociais do concello para coñecer as novas demandas permitindo axeitar as accións. Priorizar a diagnose adicada á inclusión social e o emprego, cos datos que a propia Concellería manexa internamente.
- Reforzar os servizos sociais de atención primaria maximizando ao máximo os recursos humanos existentes, impulsado o programa de información e asesoramento.
- Consolidación do Programa de erradicación do chabolismo no poboado xitano do Carqueixo. Seguimento dos Plans de Integración Social das familias beneficiarias, en réxime de aluguer, das vivendas adquiridas polo Concello de Lugo. Subvencións de alugueiros. Manter o servizo de asesoramento para as familias xitanas que se trasladen ás vivendas de protección oficial localizadas na cidade: como pagar un recibo, relacións coa veciñanza, etc.

- Priorizar accións destinadas a manter cubertas as necesidades básicas (alimentación, hixiene, vestido e vivenda) para aquelas persoas que vexan mermado o seu nivel económico e corran risco de exclusión.
- Aumentar a partida orzamentaria de Emerxencia Social Municipal e reivindicar a outras administracións competentes neste eido que fagan o propio nos seus orzamentos
- Coordinar o máis eficientemente posible os servizos sociais de atención primaria do Concello con outras iniciativas non públicas que traballan no eido da exclusión social e que na actualidade manteñen iniciativas sociais neste campo na nosa cidade (banco de alimentos, comedores sociais,etc)
- Demandar que o sistema sanitario (SERGAS) cubra economicamente todo o proceso que realmente lle compete (radioterapia, transporte sanitario, etc).
- Reclamar ante a Xunta de Galicia a inclusión do Concello como entidade prestadora de servizos sociais, feito que na actualidade aportaría mais recursos para garantir os servizos necesarios.
- Manter a colaboración con outros programas municipais no ámbito laboral.
- Impulsar o uso dunha páxina web sobre a rede asociativa para fomentar o contacto entre as asociacións.
- Manter as axudas para a creación de taxis adaptados ás persoas con discapacidade e/ou mobilidade reducida.
- Manter e protocolizar o Diversiarte
- Dinamizar as asociacións e a casa clara campoamor
- Impulsar o plan de diversidade funcional de Lugo.
- Coordinar o voluntariado desde o Concello, canalizando as demandas de voluntariado cara asociacións que traballen co mesmo, asesorando ás persoas interesadas sobre as diferentes opcións acordes coas súas inquietudes. Incluirase neste apartado a promoción das iniciativas do Banco de Tempo.
- Elaboración de Programas que aporten vías alternativas de integración sociolaboral
- Mellora do Fogar do Transeúnte. Creación dunha Casa Aberta, un espazo para as persoas “sen teito” e demais persoas que polas súas circunstancias socioeconómicas requiran das instalacións para cubrir necesidades de alimentación e hixiene.
- Mantemento das Vivendas de Transición (casa domótica), dirixidas a persoas cunha discapacidade recente, e coa finalidade de mellorar a súa adaptación á súa nova vida.
- Plena normalización das familias vinculadas ó programa de erradicación do chabolismo
- Dinamizar o Consello Local de Servizos Sociais, referente para as diferentes institucións e asociacións.
- PROMOCIONAR a mesa de traballo de Persoas Maiores e as diferentes asociacións que favorezan a participación deste sector.

- Renovación da revista municipal 65+ incluíndo novas seccións de interese para outros sectores e fomentando a súa difusión e lectura
- Aumento na intensidade das charlas informativas de interese para a cidadanía, sobre todo das persoas maiores (sexualidade, benestar e saúde, alimentación e nutrición, recursos,...). Realíaranse nos Centros de Convivencia e terán carácter aberto para toda a cidadanía.
- Manter as actuais prazas de centro de día en favor da vida familiar e do benestar dos maiores
- Ofertar programas e medios alternativos dirixidos ás persoas maiores que lles permitan manter o seu benestar.

MESA 5

Participación cidadá e conciencia comunitaria

PROGRAMA 15. Promoción da participación cidadá na xestión municipal.

- Elaboración e difusión dun directorio-guía do asociacionismo en Lugo.
- Elaboración dunha guía que sirva para o asesoramento e formación dirixida ao cidadán respecto dos trámites, procedementos a seguir, canalización administrativa das demandas, etc.
- Elaboración, de maneira progresiva, de Orzamentos participativos.
- Aprobación dun novo Regulamento de Participación Cidadá que contemple:
- Constitución das Xuntas Parroquiais no rural que integren ao conxunto do asociacións e colectivos presentes en cada parroquia.
- Definición de mecanismos (iniciativa lexislativa popular ou similar) que sirvan para a presentación de iniciativas aos órganos de goberno municipal (Pleno).
- Mellora progresiva da web municipal como ferramenta de acceso á información e xestión municipal.
- Configuración da Oficina de Participación Cidadá como “xanela única” para a canalización de demandas do tecido asociativo e como coordinadora da actuación municipal cara ás entidades asociativas.

PROGRAMA 16. Dinamización asociativa e fortalecemento de redes de cooperación.

- Habilitación de espazos de participación da A21L para o traballo do conxunto do tecido asociativo en relación a diferentes temáticas municipais do concello (urbanismo, tráfico,

servizos sociais, etc).

- Promoción de eventos/encontros ou iniciativas que redunden na promoción dun movemento asociativo forte.
- Programa formativo para a mellora do traballo organizativo das asociacións, fomentando a súa capacitación para a xestión dos seus propios intereses e mellora da capacidade de relación coa administración, que incida en todos os ámbitos de traballo dunha asociación: formación xurídica, fiscal, novas tecnoloxías, financeira, etc, para que as entidades poidan ter maior autonomía no seu funcionamento.
- Mellorar e optimizar o funcionamento da Casa Clara Campoamor.
- Fomentar as relacións estabéis entre as ANPAS e o Concello de cara a promover a participación de pais e nais no ensino, así como realizar proxectos conxuntos que contribúan a acadar o éxito escolar.
- Promover de xeito progresivo o software libre tanto nos sistemas informáticos municipais como nos centros sociais dependentes do Concello.